

UNHA VOLTA AO MUNDO

Texto de JOSEBA SARRIONANDIA

Ilustracións de ARES

Tradución de ISAAC XUBÍN

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 160 páx. 18 €

[Unha volta ao mundo](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-195-6. Libros ilustrados. Tiramillas.

[Una vuelta al mundo](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-196-3. Libros ilustrados. Tiramillas.

[Una volta al món](#) (català)

ISBN 978-84-18558-61-0. Llibres il·lustrats. Tiramilles.

–Quero unha historia de verdade, avoa!

–Unha de As mil e unha noites...?

–Non, contos como eses xa mos contaches moitas veces.

Avoa, ti que es? Xerezade ou unha profesora de Historia?

–Son profesora de Historia na universidade e cando me xubilen...

–É dicir, aos estudantes cóntasles historias de verdade

e despois, cando chegas á casa, cóntasme a min fábulas...


«Unha volta ao mundo» propón unha revisión dunha controvertida etapa da Idade Moderna relacionada coas expedicións marítimas, a apertura de rutas comerciais e a colonización de territorios descoñecidos. O texto de Joseba Sarrionandia céntrase no periplo capitaneado en 1519 polo explorador portugués Fernão de Magalhães que finalizou en 1522 ao mando do vasco Juan Sebastián Elcano, tras completar a primeira circunnavegación da Terra. Lonxe da mitificación e da épica desta era dos descubrimentos como grandes aventuras protagonizadas por personaxes heroicos, o autor revela aspectos incómodos que apenas se recollen nos libros de historia convencionais: os abusos e o autoritarismo a bordo das embarcacións, o sometemento das poboacións indíxenas, as diferenzas culturais, a desigualdade, a memoria histórica, o papel da Igrexa no reparto do mundo...

O relato artéllase arredor da conversa entre unha nena e a súa avoa, unha profesora universitaria que, a petición da neta, lle conta a “historia verdadeira” fronte á ficción dos contos. Un diálogo tenro e intelixente que, ademais da audacia da rapaza e da visión crítica da veterana docente, presenta reflexións sobre filosofía, política, relixión ou ciencia -conceptos como física do tempo, nación, globalización, machismo...- sen renunciar ao humor, a ironía ou a discrepancia entre ambos os personaxes.

Esta viaxe transoceánica complétase coas ilustracións de Ares, que tanto participan do ton humorístico do relato con enxeñosas metáforas visuais, actualizando con detalles contemporáneos a recreación de acontecementos históricos, como se cinguen á narración con escenas de intenso colorido e trazos rotundos.

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** revisión histórica sobre a volta ao mundo de Magalhães e Elcano.

■ **Idade recomendada:** dende 11 anos.

■ **Aspectos destacables:** historia, colonización, diversidade cultural, memoria histórica, racismo, globalización, relacións de poder.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-volta-ao-mundo-g>

Joseba Sarrionandia

(Iurreta, 1958)

Licenciado en Filoloxía Vasca pola Universidade de Deusto, formación que ampliou con estudos de Socioloxía, é autor dunha ampla obra de narrativa, poesía, ensaio e literatura infantil e xuvenil, ademais de tradutor ao éuscaro de autores como T. S. Eliot ou Fernando Pessoa, entre outros. Recibiu numerosos recoñecementos: Premio Ignacio Aldekoa (1980), Premio da Crítica (1986 e 2001) e Premio Euskadi de Literatura (2011). Foi profesor da Universidade da Habana e forma parte da Real Academia da Lingua Vasca.

Ares

(La Habana, 1963)

Aristides Hernández é médico e psiquiatra, ademais de ilustrador, caricaturista e pintor autodidacta. Autor de máis dun cento de libros, entre obras escritas e ilustradas, participou en numerosas exposicións, ademais de colaborar en proxectos de televisión e cine de animación. Recibiu a Distinción pola Cultura Nacional de Cuba, o Premio Nacional de Humor á súa traxectoria e foi nominado pola revista Witty World International Cartoon Magazine para figurar na lista dos mellores caricaturistas do mundo.

<http://www.areshumour.com/>

